

Instrución V/2004. Oficina Web da USC

O Sitio Web é o instrumento básico da USC para a comunicación e a información entre os membros da comunidade universitaria así como para a súa proxección exterior. O desenvolvemento deste Sitio Web require dunha axeitada dotación técnica, mais o fundamental son os contidos que conteña e como se administren.

Na reforma da área de Información e Comunicación creouse a Oficina Web que ten entre outros obxectivos o mantemento, a elaboración, e actualización da información académica e administrativa que debe figurar no Sitio Web. O dinamismo na xeración de actos que requiren dun tratamento informativo esixen dos responsables da mesma dunha diaria dedicación para que as informacións que aparezan no sitio estean actualizadas e sexan coherentes co resto dos contidos.

A Oficina Web ven a prestar apoio a toda as unidades da USC que requiren dos servizos do Sitio Web co obxecto de facilitar o acceso á mesma e manter a coherencia dos contidos que nela se insiren, da estrutura e da sistemática da páxina e a unidade de deseño e da imaxe corporativa.

Co obxecto de clarear as funcións da Oficina Web, así como requirir a toda a comunidade universitaria a colaboración coa dita Oficina para a mellora continua do Sitio Web, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO. A OFICINA WEB COMO XESTOR DE CONTIDOS

A Oficina Web exercerá respecto o Sitio Web as funcións de xestor de contidos, entendéndose por tal:

- A inserción e no seu caso a elaboración de información que lle sexa remitida por calquera unidade da Universidade que non teña acceso directo á inserción deles.
- A realización das conexións entre o Sitio Web da USC e os diferentes Subsitios tanto internos como externos á USC con obxecto de mellorar as informacións da USC.
- Asegurar a existencia de contactos institucionais a través de Internet cos servizos, unidades e centros da USC.
- Impulso e mellora nos contidos do Sitio Web, na calidade dos mesmos e na estrutura do Sitio.

SEGUNDO. APOIO ÁS DIFERENTES UNIDADES DA USC

Calquera unidade da USC que desexe inserir información no Sitio Web ben de xeito continuado ou ben puntualmente, deberá poñerse en contacto previamente coa Oficina Web, cara a manter a coherencia dos contidos e a homoxeneidade de deseño.

TERCEIRO. ACCESO A CONTIDOS INFORMATIVOS

As unidades administrativas, docentes ou de investigación que non teñan acceso a inserción de información no Sitio Web, deberán remitir á Oficina Web copia dos acordos e resolucións que os responsables de ditas unidades crean que teñen interese informativo.

CUARTO. ACTUALIZACIÓN NOS CONTIDOS DOS SUBSITIOS

Os cambios e actualizacións de contidos que afecten á estrutura de todo o sitio ou á coherencia dos contidos que se amosan en todo o Sitio Web deberán ser comunicados á Oficina Web no correo electrónico oficinaweb@usc.es.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2004

O xerente en funcións

Xosé Manuel Villanueva Prieto